

Extracto da convocatoria para o ano 2023, do Programa de subvencións para Asociacións de Empresarios e Comerciantes do Concello de Arteixo.

Obxecto.- O obxecto destas bases é a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás asociacións de empresarios e comerciantes do municipio de Arteixo para impulsar accións de dinamización, programas de formación e actividades de promoción económica local.

Beneficiarios/as: Poderán beneficiarse das axudas as asociacións de empresarios e comerciantes, xuridicamente constituídas, que cumpran os requisitos establecidos nas bases reguladoras.

Bases reguladoras.- A convocatoria realízase ao abeiro das bases reguladoras de Programa de subvencións para Asociacións de Empresarios e Comerciantes do Concello de Arteixo, publicados no BOP nº 200, 24 novembro de 2020.

Contía.- O importe da contía orzamentaria ascende á cantidade de 70.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 241.48903.

Criterios de valoración.- As bases reguladoras conteñen os criterios de valoración, os criterios de adxudicación e o procedemento de concesión aplicables.

Prazo de presentación.- O prazo de será de 20 días naturais a contar dende o día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, a través do BDNS.